

ALBINO GÓMEZ RODRÍGUEZ

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Grupo de actuación entre Muíños, Lobios e Bande
- **Localización.** Muíños, Lobios e Bande
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 1937
- **Descrición.** Fórmase un grupo de actuación entre Muíños, Lobios e Bande encabezado por Albino Gómez Rodríguez "Moreiras". Mantiveron vínculos con grupos portugueses que tiñan bases de retagarda entre A Peneda, O Gerês e O Barroso.
- **Persoas implicadas.** Albino Gómez Rodríguez, Gumersindo Fernández Incógnito, Paquita Carballo, etc.
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 85.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Albino Gómez Rodríguez

Sexo: Home

Idade: 21

Profesión: -

Lugar de nacemento: Mugueimes (Muíños)

Veciño de: Mugueimes (Muíños)

Contexto: Logo do Golpe de 1936 comandou un grupo formado por labregos de Muíños e Lobios e represaliados portugueses na zona occidental de Ourense que tiña como lugartenente a Gumersindo Fernández Incógnito. Dende 1946 o grupo integrouse da II Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia logo da reorganización de Samuel Mayo Méndez. A súa compañeira Paquita Carballo tamén o acompañou na guerrilla. O grupo realizou ataques en Regada, Vila e Gustomeao (Lobios) e refuxiase varias veces en Portugal. Foi detido en Portugal a mediados de 1947 e os membros do seu grupo foron capturados ao mesmo tempo pola Garda Civil de Ourense.

Data morte: -

Id. de Episodio relacionado: Grupo de actuación entre Muíños, Lobios e Bande

ALBINO GÓMEZ RODRÍGUEZ

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Grupo de actuación entre Muíños, Lobios e Bande
- **Localización.** Muíños, Lobios e Bande
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 1937
- **Descrición.** Fórmase un grupo de actuación entre Muíños, Lobios e Bande encabezado por Albino Gómez Rodríguez "Moreiras". Mantiveron vínculos con grupos portugueses que tiñan bases de retagarda entre A Peneda, O Gerês e O Barroso.
- **Persoas implicadas.** Albino Gómez Rodríguez, Gumersindo Fernández Incógnito, Paquita Carballo, etc.
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 85.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Albino Gómez Rodríguez

Sexo: Home

Idade: 21

Profesión: -

Lugar de nacemento: Mugueimes (Muíños)

Veciño de: Mugueimes (Muíños)

Contexto: Logo do Golpe de 1936 comandou un grupo formado por labregos de Muíños e Lobios e represaliados portugueses na zona occidental de Ourense que tiña como lugartenente a Gumersindo Fernández Incógnito. Dende 1946 o grupo integrouse da II Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia logo da reorganización de Samuel Mayo Méndez. A súa compañeira Paquita Carballo tamén o acompañou na guerrilla. O grupo realizou ataques en Regada, Vila e Gustomeao (Lobios) e refuxiase varias veces en Portugal. Foi detido en Portugal a mediados de 1947 e os membros do seu grupo foron capturados ao mesmo tempo pola Garda Civil de Ourense.

Data morte: -

Id. de Episodio relacionado: Grupo de actuación entre Muíños, Lobios e Bande

ANTONIO PÁRAMO SÁNCHEZ

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Asalto á polvoreira particular dun pirotécnico local de Sarria
- **Localización.** Sarria
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud:** 42.7814800 **Longitud:** -7.4143100
- **Data.** Agosto de 1936
- **Descrición.** En agosto de 1936 constitúese un grupo formado por comunistas ao mando do antigo alcalde Antonio Páramo Sánchez e armados de carabinas e pistolas, asaltaron a polvoreira particular dun pirotécnico local.
- **Persoas implicadas.** Antonio Páramo Sánchez
- **Imaxe/s.**



Antonio Páramo no centro e outros membros da corporación de Sarria en 1936

- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, p. 77.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Antonio Páramo Sánchez

Sexo: Home

Idade: 24

Profesión: Avogado, xornalista e político

Lugar de nacemento: Sarria

Veciño de: Sarria

Contexto: Tras estar fuxido (agochado no Saviñao) e declarado en rebeldía en varias causas é xulgado en Lugo por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a 2 anos de prisión. Xulgado por tenenza de armas e auxilio á rebelión. Foi presidente de Esquerda Republicana e alcalde polo mesmo partido en Sarria.

Data morte: 24/05/1959

Id. de Episodio relacionado: Asalto á polvoreira particular dun pirotécnico local de Sarria

ANTONIO ULLOA “TORALLO”

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuga de 16 presos do Depósito Municipal de Becerreá
- **Localización.** Becerreá (Lugo)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 07/12/1936
- **Descrición.** En decembro de 1936 prodúcese unha fuga do Depósito Municipal de Becerreá, entre os que se atopaba Antonio Ulloa alias “Torallo” que ingresara o día 20 de novembro. A partir da súa fuga intégrase nas guerrillas.
- **Persoas implicadas.**
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, p. 29.

A represión franquista e as súas zonas de penumbra. Víctimas confirmadas e posibles en Lugo (1936-40). <http://www.lugo.es/cs/represion/ficha.jsp?id=1602&tipo=1&letra=U&pagina=1>

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Antonio Ulloa “Torallo”

Sexo: Home

Idade: 26

Profesión: Labrego

Lugar de nacemento: Becerreá

Veciño de: Becerreá

Contexto: Antonio Ulloa ingresa en prisión o 20 de novembro de 1936, sabendo del que era afiliado ao PCE. O día 7 de decembro do mesmo ano participa nunha fuga xunto con 15 persoas máis do Depósito Municipal de Becerreá. Sabemos que unha vez fugado pertence á guerrilla e morre a mans da Garda Civil en 1942.

Data morte: 1942

Id. de Episodio relacionado: Fuga de 16 presos do Depósito Municipal de Becerreá

ARTURO E JUAN PEREIRA LÓPEZ, JESÚS BOUZA E BALTASAR LÓPEZ ARDAO

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Agochados na zona de Regoela-Cabanas (A Coruña)
- **Localización.** Regoela- Cabanas (A Coruña)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 04/09/1936
- **Descrición.** A Garda Civil asalta unha casa en Regoela- Cabanas, en cuxo alpendre se agochaban varios fuxidos, entre eles os irmáns Arturo e Juan Pereira López, Jesús Bouza, Baltasar López Ardao e Amador Barcia, que pode fuxir. O resto son fusilados esa mesma noite no cemiterio de Sillobre.
- **Persoas implicadas.** Arturo e Juan Pereira López, Jesús Bouza, Baltasar López Ardao e Amador Barcia
- **Imaxe/s.**

- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 80.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Arturo Pereira López

Sexo: Home

Idade: -

Profesión: -

Lugar de nacemento: -

Veciño de: Cabanas (A Coruña)

Contexto: Agochados no alpendre dun domicilio e atopados pola Garda Civil, sendo executados ese mesmo día no cemiterio de Sillobre-Fene.

Data morte: 04/09/1936

Id. de Episodio relacionado: Agochados na zona de Regoela-Cabanas (A Coruña)

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Juan Pereira López

Sexo: Home

Idade: -

Profesión: -

Lugar de nacemento: -

Veciño de: Cabanas (A Coruña)

Contexto: Agochados no alpendre dun domicilio e atopados pola Garda Civil, sendo executados ese mesmo día no cemiterio de Sillobre-Fene.

Data morte: 04/09/1936

Id. de Episodio relacionado: Agochados na zona de Regoela-Cabanas (A Coruña)

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Jesús Bouza Pereira

Sexo: Home

Idade: -

Profesión: -

Lugar de nacemento: -

Veciño de: Cabanas (A Coruña)

Contexto: Agochados no alpendre dun domicilio e atopados pola Garda Civil, sendo executados ese mesmo día no cemiterio de Sillobre-Fene.

Data morte: 04/09/1936

Id. de Episodio relacionado: Agochados na zona de Regoela-Cabanas (A Coruña)

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Baltasar López Ardao

Sexo: Home

Idade: 26

Profesión: Labrego

Lugar de nacemento: -

Veciño de: Cabanas (A Coruña)

Contexto: Agochados no alpendre dun domicilio e atopados pola Garda Civil, sendo executados ese mesmo día no cemiterio de Sillobre-Fene.

Data morte: 04/09/1936

Id. de Episodio relacionado: Agochados na zona de Regoela-Cabanas (A Coruña)

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Familiares dos fuxidos da aldea Val-Rubiá (Valdeorras)
- **Localización.** Rubiá (Ourense)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 23 de outubro de 1939
- **Descrición.** No territorio do sureste ourensán a procura dos colaboradores vai ter un xiro cara a extrema crueldade a partir da primavera de 1939. Aumentouse o número de efectivos dos Destacamentos mixtos (soldados, gardas civís e milicianos) provisorios existentes en zonas de montaña para vixilancia dos fuxidos, establecendo outros novos. O remate da Guerra civil trouxo consigo a consideración de zona de guerra aos territorios entre Valdeorras, O Bolo, O Bierzo e a Cabrera Alta, radicando o mando das forzas especiais en Ponferrada. Neste ambiente a falanxe comezou a distribuír armas entre os seus afiliados e a tecer unha rede de confidentes e delatores nas aldeas de Valdeorras. Dende a primavera de 1939 leváronse a cabo os métodos máis atroces contra os colaboradores, sobre todo cara as mulleres: queima de casas, violencia extrema (tamén sexual), aplicación cotiá da lei de fugas, aforcamentos, tortura... como métodos contra o activismo insurxente. Entre xuño e decembro pasouse de 1939, pasouse polas armas a 22 enlaces e guerrilleiros en Valdeorras, A Veiga e Viana do Bolo. Fronte a isto, a guerrilla tamén levou a cabo na segunda metade de 1939 a morte de 13 militares, 15 gardas civís, falanxistas e confidentes e 10 veciños, entre os que se atopaban varios delatores. En outubro de 1939, na aldea de O Val-Rubiá penduraron dunha cerdeira e aforcaron á nai e irmá de Felicitas Rodríguez Cadórniga, por ser esta moza do guerrilleiro Jesús Quiroga Arias “Chucho de Xagoaza”.
- **Persoas implicadas.** Concepción Fernández Cadórniga, Remedios Fernández Cadórniga, Felicitas Rodríguez Cadórniga e Jesús Quiroga Arias “Chucho de Xagoaza”.
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 29.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Concepción Fernández Cadórniga

Sexo: Muller

Idade: 60

Profesión: Traballo na casa

Lugar de nacemento: O Val-Rubiá

Veciño de: O Val-Rubiá

Contexto: Nai de Felicitas Rodríguez Cadórniga, moza do guerrilleiro Jesús Quiroga Arias “Chucho de Xagoaza”.

Data de morte: 23-10-1939

Id. de Episodio relacionado:

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Remedios Fernández Cadórniga

Sexo: Muller

Idade: 30

Profesión: Traballo na casa

Lugar de nacemento: O Val-Rubiá

Veciño de: O Val-Rubiá

Contexto: Irmán de Felicitas Rodríguez Cadórniga, moza do guerrilleiro Jesús Quiroga Arias “Chucho de Xagoaza”.

Data de morte: 23-10-1939

Id. de Episodio relacionado:

CONSUELO ALBA DIGÓN, DOMITILA, FLORINDA, ABELARDO, JOVINO E BALDOMERO GUTIÉRREZ ALBA

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Resistencia nos Ancares (Cervantes- Lugo)
- **Localización.** Cervantes (Lugo)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 15-11-1939
- **Descrición.** No momento do Golpe en 1936 o seu marido Juan Gutiérrez Santín foi apresado polos falanxistas e asasinado o 20 de agosto. Consuelo foi detida por primeira vez en 1939 con motivo da procura dos seus fillos, Abelardo e Jovino, militantes ambos da CNT e que marcharan a combater a Asturias logo do golpe. Debido á presión que foi sometida, fixo que se acabase botando ao monte, uníndose á partida do seu fillo Abelardo, igual que as súas fillas. Tanto ela como as súas fillas, Domitila e Florinda, nai e irmáns do guerrilleiro libertario Abelardo Gutiérrez Alba, foron detidas en novembro de 1939 logo dun atraco levado a cabo en Vilapún-Cervantes no que faleceron o xuíz municipal e un fillo. Nese momento, as mulleres foron parar á cadea de Lugo para logo ingresar no campo de concentración de Arnao-Figueras. Finalmente remata no exilio en Francia en 1940.
- **Persoas implicadas.** Consuelo Alba Digón, Domitila, Florinda, Abelardo, Jovino e Baldomero Gutiérrez Alba.
- **Imaxe/s.**



Consuelo Alba Digón

- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela. p. 62.

Redondo Abal, Francisco Xavier (2006). *Botarse ao monte. Censo de guerrilleiros antifranquistas na Galiza (1939-1965)*. Sada: Do Castro. pp. 82–83. ISBN 84-8485-231-8.

Íñiguez, M. (2008). *Enciclopedia histórica del anarquismo español. Tomo 1. Gasteiz: Asociación Isaac Puente*. p. 812. ISBN 978-84-612-4219-1.

"Gutiérrez Alba, Abelardo". Dicionario enciclopédico galego universal 32. La Voz de Galicia. 2003-2004. p. 41. ISBN 84-7680-429-6.

"Gutiérrez Alba, Abelardo". Dicionario biográfico de Galicia 2. Ir Indo Edicións. 2010-2011. p. 188.

Redondo Abal, F. (2006). *Botarse ao monte. Censo de guerrilleiros antifranquistas na Galiza (1939-1965)*. Sada: Do Castro. pp. 82–83. [ISBN 84-8485-231-8](#).

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Florinda Gutiérrez Alba

Sexo: Muller

Idade: 22

Profesión: Modista

Lugar de nacemento: Cervantes (Lugo)

Veciño de: Cervantes (Lugo)

Contexto: Detida en novembro de 1939 coa súa nai e irmá por participar na partida do seu irmán Abelardo. Foi detida para ser ingresada no cárcere de Lugo e logo no campo de concentración de Arnao-Figueras (Asturias). En 1945 foi procesada cos seus irmáns e a súa nai no sumario 180/1945 polo delito de agresión a forza pública, facéndose requisitoria para que se presentase.

Data de morte:

Id. de Episodio relacionado: Resistencia nos Ancares (Cervantes- Lugo)

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Domitila Gutiérrez Alba

Sexo: Muller

Idade: 14

Profesión:

Lugar de nacemento: Cervantes (Lugo)

Veciño de: Cervantes (Lugo)

Contexto: Detida en novembro de 1939 coa súa nai e irmá por participar na partida do seu irmán Abelardo. Foi detida para ser ingresada no cárcere de Lugo e logo no campo de concentración de Arnao-Figueras (Asturias). En 1945 foi procesada cos seus irmáns e a súa nai no sumario 180/1945 polo delito de agresión a forza pública, facéndose requisitoria para que se presentase. En decembro de 1947 aparece na prensa a súa demanda para presentación no Xulgado Militar eventual nº1 de Lugo pola causa 215/46. Estivo tres anos agochada, despois refuxiouse oito meses no convento de Cristo Rei de Viveiro con outra identidade, simulando que ía estudar para escapar.

Data de morte:

Id. de Episodio relacionado: Resistencia nos Ancares (Cervantes- Lugo)

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Jovino Gutiérrez Alba

Sexo: Home

Idade: 31

Profesión: Labrego

Lugar de nacemento: Cervantes (Lugo)

Veciño de: Cervantes (Lugo)

Contexto: Guerrilleiro libertario nos Ancares xunto co seu irmán Abelardo. Foi xulgado por rebelión militar co resultado de declaración en rebeldía. Acaba morrendo loitando no exército republicano.

Data de morte:

Id. de Episodio relacionado: Resistencia nos Ancares (Cervantes- Lugo)

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Abelardo Gutiérrez Alba

Sexo: Home

Idade: 24

Profesión: Xastre

Lugar de nacemento: Cervantes (Lugo)

Veciño de: Cervantes (Lugo)



Contexto: Guerrilleiro libertario nos Ancares xunto cos seus irmáns Jovino e Baldomero. Tamén estivo na fronte de Asturias. Dirixiu dende 1939 unha partida con Marcelino de la Parra e Manuel Girón Bazán. En 1942 asistiu á reunión que deu pé á Federación de Guerrillas de Galicia-León, celebrada preto de Ponferrada, e integrouse na guerrilla lucense. En 1945 foi procesado polo Xulgado Militar Eventual nº 4 de Lugo na causa 180/45 por agresión á forza pública cos seus irmáns e a súa nai. En 1947, mediante unha rede de evasión da CNT en Euskadi, pasou a Francia cos seus dous irmáns, Jovino e Domitila. Regresou a España de xeito clandestino en 1948 para axudar ao resto da familia a pasar a Francia, e despois exiliase en Venezuela.

Data de morte: 1978 (Venezuela)

Id. de Episodio relacionado: Resistencia nos Ancares (Cervantes- Lugo)

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Baldomero Gutiérrez Alba

Sexo: Home

Idade: 15

Profesión:

Lugar de nacemento: Cervantes (Lugo)

Veciño de: Cervantes (Lugo)

Contexto: Guerrilleiro nos Ancares xunto cos seus irmáns Jovino e Abelardo. En 1943 botou medio ano en Barcelona e despois regresou a Galicia. En 1945 foi procesado no sumario 180/1945 polo delito de agresión á forza pública, facéndose requisitoria para que se presentase. En 1947 pasou clandestinamente a Francia, sendo ferido nun choque coa Garda Civil de dous balazos nunha perna. En 1948 foi detido en Barcelona.

Data de morte:

Id. de Episodio relacionado: Resistencia nos Ancares (Cervantes- Lugo)

DOMINGO RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ, JUAN JOSÉ RODRÍGUEZ COUSO, ALFREDO YÁÑEZ DOMÍNGUEZ E ANTOLÍN MURIAS

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuxidos de Corzos-Xares (A Veiga)
- **Localización.** Corzos-Xares (A Veiga)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** Outono de 1936
- **Descrición.** Catro fuxidos de Corzos-Xares-A Veiga: Domingo Rodríguez “O Inca”, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento” e Alfredo Yáñez “O Aguirre”, son acusados da morte do ex-alcalde da Veiga, o dereitista da “Acción Popular” José Rodríguez e marchan ao monte. Dende alí asaltan o pobo e levan algo de gando para dirixirse ao Teixadal de Casaio, onde a fins de 1936 se xuntan con outros escapados de Xares e Casaio, formando unha partida de 6 guerrilleiros (Antolín Murias “Paciencia”, Idelfonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”, todos eles traballadores do camiño de ferro Zamora-Ourense). En xuño de 1937, enlazan con Manuel Álvarez “Bailarín” e o seu grupo, ao que a finais de 1938 se incorporarán os irmáns Sebastián e Rogelio Rodríguez López, de Soulecín- O Barco de Valdeorras. Estas partidas permanecerán entre a zona da Ermida de San Xil-Casaio, Ricosende-Carballeda, A Curra, San Lourenzo-A Veiga, ata entrados os anos 40.
- **Persoas implicadas.** Domingo Rodríguez “O Inca”, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento” e Alfredo Yáñez “O Aguirre”, Antolín Murias “Paciencia”, Idelfonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”. Manuel Álvarez “Bailarín” e o seu grupo, ao que a finais de 1938 se incorporarán os irmáns Sebastián e Rogelio Rodríguez López.
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, p. 80.

Redondo Abal, Francisco Xavier (2006). *Botarse ao monte. Censo de guerrilleiros antifranquistas na Galiza (1939-1965)*. Sada: Do Castro. p. 122.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Domingo Rodríguez Rodríguez

Sexo: Home

Idade: 33

Profesión: -

Lugar de nacemento: A Veiga

Veciño de: A Veiga (Ourense)

Contexto: Acusado xunto con outras 3 persoas da morte do ex-alcalde dereitista da Veiga, José Rodríguez. Marcha ao monte e incorporárase á guerrilla, sendo xulgado en Ourense por asasinato co resultado de declaración en rebeldía. En febreiro de 1937 procederon á incautación dos seus bens. Trasládouse á área republicana de Asturias e a principios dos anos 40 era o xefe do grupo guerrilleiro que actuaba na Serra dos

Corzos e na Terra de Valdeorras dentro do II Grupo da Federación de Guerrillas de León-Galicia, no que se atopaban tamén Mario Morán García, Arcadio Ríos Rodríguez, Alfredo Yáñez Rodríguez e José Vega Seoane. Posteriormente incorpórase ao grupo Cándido Losada Estévez (Malvavisco). En 1948 logrou fuxir de Galicia para exiliarse en Francia, falecendo en París en 1999.

Data morte: 26/11/1999

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos na zona de Corzos-Xares (A Veiga).

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Juan José Rodríguez Couso

Sexo: Home

Idade: -

Profesión: -

Lugar de nacemento: A Veiga

Veciño de: A Veiga (Ourense)

Contexto: Acusado xunto con outras 3 persoas da morte do ex-alcalde dereitista da Veiga, José Rodríguez. Marcha ao monte e incorporárase á guerrilla, sendo xulgado en Ourense por asasinato co resultado de declaración en rebeldía.

Data morte: -

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos na zona de Corzos-Xares (A Veiga).

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Alfredo Yáñez Domínguez

Sexo: Home

Idade: -

Profesión: Obreiro do Ferrocarril

Lugar de nacemento: A Veiga

Veciño de: A Veiga (Ourense)

Contexto: Acusado xunto con outras 3 persoas da morte do ex-alcalde dereitista da Veiga, José Rodríguez. Marcha ao monte e incorporárase á guerrilla, sendo xulgado en Ourense por asasinato co resultado de declaración en rebeldía.

Data morte: -

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos na zona de Corzos-Xares (A Veiga).

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Antolín Murias “Paciencia”

Sexo: Home

Idade: -

Profesión: Obreiro do Ferrocarril

Lugar de nacemento: A Veiga

Veciño de: A Veiga (Ourense)

Contexto: Xulgado en Ourense por auxilio á rebelión co resultado de declaración en rebeldía. Ábreselle unha causa militar en 1937. Atópase fuxido no monte formando unha partida de guerrilleiros.

Data morte: -

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos na zona de Corzos-Xares (A Veiga).

ENCARNACIÓN VALLE CARRERA

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuxidos ao monte- Corzos-Xares
- **Localización.** Veiga do Bolo (Ourense)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud:** 42.2644995 **Longitud:** -6.9873322
- **Data.** -/-/1936 - -/-/1939
- **Descrición.** No outono de 1936, catro fuxidos de Corzos-Xares- A Veiga (Domingo Rodríguez “O Inca”, concelleiro da Fronte Popular, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento”, e Alfredo Yáñez “O Aguirre”), acusados da morte do ex-alcalde da Veiga, o dereitista de “Acción Popular” José Rodríguez, marchan ao monte.

Logo, diríxense ao Teixedal de Casaio, onde a fins de 1936 se xuntan con outros escapados de Xares e de Casaio, formando unha partida de 6 guerrilleiros (Antolín Murias “Paciencia”, Ildfonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”, todos eles traballadores do camiño de ferro Zamora-Ourense).

En xuño de 1937, enlazan con Manuel Álvarez “O Bailarín” e o seu grupo, ao que a finais de 1938 se incorporarán os irmán Sebastián e Rogelio Rodríguez López, de Soulecín-O Barco de Valdeorras. Estas partidas permanecerían entre a zona da Ermida de San Xil-Casaio, Ricosemde-Carballeda, A Curra e San Lourenzo-A Veiga, ata entrados os anos 40.

Encarnación Valle Carrera era a sogra de Manuel Álvarez Arias “O Bailarín” co que a acusan de colaborar.

- **Persoas implicadas.** Veciños Corzos-Xares. Encarnación Valle Carrera, María Teresa Domínguez Prada, Domingo Rodríguez “O Inca”, concelleiro da Fronte Popular, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento”, Alfredo Yáñez “O Aguirre”, Antolín Murias “Paciencia”, Ildfonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”, Manuel Álvarez “O Bailarín”, Sebastián e Rogelio Rodríguez López.
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 29.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Encarna Valle Carrera

Sexo: Muller

Idade: 56

Profesión: Labrega

Lugar de nacemento: Carballeda de Valdeorras

Veciño de: Casaio

Contexto: Encarna Valle Carrera (sogra do guerrilleiro Manuel Álvarez Arias “Bailarín”) no outono de 1939 foi apresada no cuartel da Guardia Civil de Casaio, onde foi torturada con brutalidade (botáronlle auga fervendo na boca e na vaxina, violárona co cano dun fusil...) antes de ser guindada ao río dende unha ponte e afogar. Así, a muller colaboradora da insurxencia foi obxecto dunha gran “represión”, ademais dunha estigmatización específica que lles negou (en razón do seu sexo) unha consideración de resistente. A súa morte é rexistrada no Río Casaio-Carballeda de Valdeorras a causa de asfixia por inmersión.

Data morte: 28-10-1939

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos ao monte- Corzos-Xares

JESÚS LAVANDEIRA PÉREZ

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Grupo de guerrilleiros radicado entre Betanzos, Curtis e Mesía
- **Localización.** Betanzos, Curtis e Mesía
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 1937
- **Descrición.** A raíz dos enfrontamentos levados a cabo contra os militares levantados o 22 de xullo de 1936 en Betanzos, fuxiu as montañas e formou parte dun grupo guerrilleiro confederal que actuou nas comarcas de Pontedeume e Betanzos. En 1937 súmase a Curtir ao grupo encabezado por Benigno Andrade “Foucellas” e tras a disolución deste, integrouse no comando por José Neira Fernández (Neira). Tras a morte de Neira, en 1944 abandonou a guerrilla.
- **Persoas implicadas.** Antonio Sánchez, Benigno Andrade “Foucellas”, entre outros antigos confederais.
- **Imaxe/s.**



- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 85.

Labandeira – *Ateneu Libertari Estel Negre*. <http://www.estelnegre.org/documents/labandeira/labandeira.html>

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Jesús Labandeira Pérez

Sexo: Home

Idade: 31

Profesión: Criado, xornaleiro e xardineiro

Lugar de nacemento: Vilariño (Vilasantar, A Coruña)

Veciño de: Betanzos

Contexto: Traballaba de criado e xornaleiro en Santiago de Compostela ata que en 1931 se instala en Betanzos, onde traballa como xardineiro municipal. Militante da CNT dende 1932, foi o no sindicato, na Casa do Pobo de Betanzos, onde aprendeu a ler e escribir. Tamén foi membro do grupo “Plantas Novas” adherido á Federación Anarquista Ibérica (FAI). En agosto de 1934 foi nomeado secretario do Sindicato de Oficios Varios da CNT de Betanzos, cargo que mantiña en 1936. A raíz dos enfrontamentos contra os militares levantados o 22 de xullo de 1936 en Betanzos, fuxiu a montala e pasou a formar parte dun grupo de guerrilleiros confederais que actuou nas comarcas de Pontedeume e Betanzos. En 1937 sumouse a Curtir ao grupo encabezado por Benigno Andrade e tras a disolución deste, integrouse no comandado por José Neira Fernández. Tras a morte de Neira, en 1944 abandonou a guerrilla rexeitando integrarse nun grupo baixo as ordes de Marcelino Rodríguez Fernández, da IV Agrupación Guerrilleira do Partido Comunista de España. Viviu escondido ata agosto de 1945 que foi detido en Porzomillos-Oza (A Coruña) e xulgado en consello de guerra en 1946 na Coruña condenado a morte, sentenza que foi conmutada pola de 20 anos de cárcere, que purgou ao penal de El Dueso (Santoña, Cantabria, España). O 23 de outubro de 1953 logrou a liberdade provisional. A súa compañeira foi Julia Louriño García. Xesús Labandeira Pérez faleceu o 5 de xaneiro de 1991 en Betanzos (A Coruña). O seu irmán Lois Labandeira Pérez tamén foi militante confederal.

Data morte: 5 de xaneiro de 1991.

Id. de Episodio relacionado: Grupo de guerrilleiros Curtis, Betanzos e Mesía.

ALEJANDRO E JOSÉ TEMBLÁS PAZ

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Guerrilleiros na zona de Ourol e Viveiro
- **Localización.** Mariña Occidental (Merille)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** Finais de 1937
- **Descrición.** Alejandro Temblás Paz encabeza un grupo de guerrilleiros na zona de Ourol e Viveiro. Josefa, Felicitas e Encarnación, nai, tía e avoa de Alejandro pagaron coa súa vida por protexelo. O seu irmán José escapa ao monte no momento do Golpe e forma parte dunha partida de fuxidos.
- **Persoas implicadas.** Alejandro Temblás Paz, Josefa, Felicitas e Encarnación (as Casabella)
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 84.

Otero Roberes, C.; Sobrino Ceballos, J.; Domínguez Ferro, M. (2001). *Fuxidos na fraga. Episodios da guerrilla antifranquista nas terras do Eume*. Cátedra. Revista eumesa de estudos (8): 205–235.

Redondo Abal, Francisco Xavier (2006). *Botarse ao monte. Censo de guerrilleiros antifranquistas na Galiza (1939-1965)*. Sada: Do Castro.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Alejandro Temblás Paz

Sexo: Home

Idade: 27

Profesión: Carpinteiro e na II República foi presidente da Agrupación Socialista Obreiro-Campesiña de Merille

Lugar de nacemento: Merille

Veciño de: Ourol

Contexto: Afiliado á UXT e ao PSOE, pasa a formar parte dun grupo de guerrilleiros na zona de Ourol e Viveiro e é xulgado en Lugo por auxilio á rebelión co resultado de sentenza a 12 anos e 1 día de prisión.

Data morte: 20/04/1938

Id. de Episodio relacionado: Guerrilleiros na zona de Ourol e Viveiro

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: José Temblas Paz

Sexo: Home

Idade: 27

Profesión: Carpinteiro e vogal fundador da Liga Agropecuaria de Labradores

Lugar de nacemento: Merille

Veciño de: Oourol

Contexto: Afiliado ao PCE e Directivo da Sociedade Agraria. Inicialmente procesado en rebeldía. Forma parte de partidas de fuxidos e da guerrilla. Foi detido en marzo de 1940 e saíu en abril do ano seguinte. Retorna á actividade guerrilleira e é nomeado secretario xeral do PCE en Lugo en 1944, formando parte do Secretariado do Exército Guerrilleiro. Foi o líder da III Agrupación do Exército Guerrilleiro ata 1947, cando se integra na IV Agrupación, no Destacamento de Arturo Cotizas liderado por Adolfo Allegue Allegue. Morreu nun enfrotnamento armado coa Garda Civil en Pazos o 31 de outubro de 1949

Data morte: 31/10/1949

Id. de Episodio relacionado: Guerrilleiros na zona de Oourol e Viveiro

JOSÉ GARCÍA MOLARES

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuxidos na zona de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor
- **Localización.** Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** Agosto de 1936
- **Descrición.** Formou parte xunto co seu irmán duns dos primeiros grupos de fuxidos en Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor, xunto cos irmáns Julio e Vicente Guillén Biel, José Romero González (O Merrello), Roberto Oya Alonso (O Cachopas) e Manuel Prado Pereira (Lolito).
- **Persoas implicadas.** José García Molares e Rogelio García Molares
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 80.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: José García Molares

Sexo: Home

Idade: 39

Profesión: Electricista

Lugar de nacemento: Vigo

Veciño de: Vigo

Contexto: Foi xulgado en Vigo en diversas causas e declarado en rebeldía tras estar fuxido nas zonas de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor. Morre nun enfrontamento coa Garda Civil en Mos.

Data morte:

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos na zona de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Rogelio García Molares

Sexo: Home

Idade: 32

Profesión: -

Lugar de nacemento: Vigo

Veciño de: Vigo

Contexto: Foi xulgado en varias causas co resultado de declaración en rebeldía tras estar fuxido nas zonas de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor. Morre a causa dunha hemorraxia interna e destrución da masa cerebral, aparecendo o seu cadaleito en A Millarada- Vilar de Enfesta-Redondela.

Data morte: 15/10/1939

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos na zona de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Colaboración con fuxidos nos montes Lobeira e Xiabre
- **Localización.** Vilagarcía de Arousa
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud:** 41.99889 **Longitud:** -8.04306
- **Data.** 1937
- **Descrición.** O Oficio Reservado do Estado Maior da VIIIª Rexión Militar dirixido aos gobernadores civís de Pontevedra, Ourense e Lugo o 2 de xuño de 1937, no que ordenaba exercer unha acción eficaz e rápida para rematar coas bolsas de fuxidos e autorizaba a execución sumaria, tanto dos alzados como dos colaboradores: “exterminar as partidas inimigas no territorio liberado, instándolles a ordenar a execución de aquelas persoas que durante a persecución sexan aprehendidas con armas ou en probada complicidade cos rebeldes”.
Descobren a cova onde se agochaba unha partida, con víveres, roupa e armas e quince días despois desas ordes foron executados nas Raposeiras-Meis os enlaces Paulino Carballo del Río e José Gerardo del Río Villanueva, por ser sorprendidos con alimentos e cartas para os fuxidos.
- **Persoas implicadas.** Limpeza nos montes ordenada pola Comandancia da Garda Civil de Pontevedra encabezada polo Comandante en Xefe Tomás Fernández Rogina e na que forman parte na contorna de Arousa un total de 105 gardas, ao mando dos capitán Beltrán e Maquieira. **Vítimas:** José Gerardo del Río Villanueva e Paulino Carballo del Río.
- **Imaxe/s.**



Monte Lobeira (Vilanova de Arousa)
<https://www.osalnes.com>



Monte Xiabre (Vilagarcía de Arousa)
<https://www.vilagarcia.com/monte-xiabre/>

- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, p. 29.

Abuín Duro, M. (2018). *La primavera rota. Vilagarcía de Arousa, 1936-1941*. Abegondo: Sociedad Bibliográfica de Galicia. pp. 126–129.

Gallego Rei, M.; Milleiro Sánchez, C.X.; Moreira Docampo, X.M. (2012). *Para despois do silencio. O Concello de Meis da II República a Guerra Civil*. Vigo: Ir Indo. pp. 90–91.

Álvarez Castro, X. (2013). *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936-39)*. Vigo: Xerais.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: José Gerardo Do Río Villanueva

Sexo: Home

Idade: 40

Profesión: Canteiro

Lugar de nacemento: Vilagarcía de Arousa

Veciño de: Cea

Contexto: Emigrado na República Arxentina, ao retornar foi canteiro en Cea. Tras o golpe de Estado actuou co seu medio irmán Paulino Carballo del Río como enlace cos fuxidos no monte Xiabre. O 14 de xuño de 1937 subiu ao monte con Paulino para entregarlle un paquete e unha nota a José Torrado Herbón que lles fixera chegar a súa nai Rosario Herbón Galán, por medio da sobriña de Paulino, Carmen Carballo. Foron detidos por unha patrulla das milicias mandadas polo capitán Bernal que facían unha batida no monte Xiabre, con máis dun cento de efectivos entre militares, falanxistas e corpos de seguridade. Foron encarcerados no cuartel da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa e torturados. Co pretexto do seu traslado a Pontevedra, foi asasinado co seu medio irmán Gerardo del Río polo sarxento da Garda Civil do posto de Vilagarcía, Desiderio Camacho, nas Raposeiras, preto de Vilanoviña na parroquia de Paradela o 17 de xuño de 1937. O párroco de Paradela non consentiu que fosen soterrados en sagrado e quedaron sepultados en paralelo ao muro de peche do adro. Na primeira década do século XXI os seus restos foron trasladados ao cemiterio de Cea.

Morte rexistrada en Paradela-Meis a causa de "atricción de la sustancia cerebral" e hemorraxia menínxea.

Lugar de morte: Paradela

Data de morte: 17-06-1937

Id. de Episodio relacionado: Colaboración con fuxidos nos montes Lobeira e Xiabre

JOSÉ VÁZQUEZ MAURIZ “PATITAS”

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Grupos activos na zona do Eume (Cabanas, Capela e Monfero).
- **Localización.** Cabanas, Capela e Monfero.
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 1937
- **Descrición.** Na zona do Eume (Cabanas, Capela e Monfero) confórmanse varios grupos de fuxidos (maiormente desertores da zona de Soaserra e Regoela-Cabanas) con pouca actividade e armamento sumario. O máis importante foi o liderado polo comunista de Mugardos José Vázquez Mauriz “Patitas”, que tentou coordinar o resto de grupos.
- **Persoas implicadas.** José Vázquez Mauriz “Patitas”,
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Redondo Abal, Francisco Xavier (2006). *Botarse ao monte. Censo de guerrilleiros antifranquistas na Galiza (1939-1965)*. Sada: Do Castro.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: José Vázquez Mauriz

Sexo: Home

Idade: 32

Profesión: -

Lugar de nacemento: Mugardos

Veciño de: Mugardos

Contexto: Afiliado ao PCE. Ao estalar o Golpe fuxe ao monte, polo que é procesado por rebelión militar en 1937 e declarado en rebeldía. Foi o coordinador dos primeiros grupos guerrilleiros da comarca do Eume. Pertenceu a IV Agrupación do Exército Guerrilleiro de Galicia, no mesmo grupo que Ramiro Martínez López. Participou na execución do xefe local da Falanxe de Mugardos Esteban Cortizas Vilar o 23 de xaneiro de 1946. Non está clara a causa da súa morte en 1951.

Data morte: 1951

Id. de Episodio relacionado: Grupos activos na zona do Eume (Cabanas, Capela e Monfero).

JOSEFA BARREIRO GONZÁLEZ

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Agocho no seu domicilio a Urbano Tarrío Montero.
- **Localización.** A Torre - Vilagarcía de Arousa
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 1937
- **Descrición.** O antigo sindicalista Urbano Tarrío Montero foi detido o 16 de marzo de 1937 no domicilio de Josefa Barreiro González. Urbano foi executado "in situ" e a Josefa detívérona os falanxistas como colaboradora con banda armada, sendo trasladada á cadea de Vilagarcía e posta á disposición da Comandancia Militar de Pontevedra, ostentada ata outubro de 1937 polo militar "africanista" tenente coronel de Artillería (retirado) Leoncio de Aspe y Vaamonde. Ordenouse a súa execución efectuada tres días despois polo Xefe de Liña da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa e ao tempo Delegado de Orde Público, tenente Aurelio Belay Díaz.
- **Persoas implicadas.** Vítima: Josefa González Barreiro e Urbano Tarrío Montero. Xefe de Liña da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa: Aurelio Belay Díaz.
- **Imaxe/s.**




Foto 9: Oficio dirixido ao Goberno Militar de Pontevedra dando conta da execución de Josefa González, asinado polo tenente da Guardia Civil Aurelio Belay. Causa 288/37, AIMN.



<https://www.federacionanarquista.net/josefa-barreiro-gonzalez/>

- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, 49.

Abuín Duro, M. (2018). *La primavera rota. Vilagarcía de Arousa, 1936-1941*. Abegondo: Sociedad Bibliográfica de Galicia. pp. 126–129.

Imaxe: <https://www.federacionanarquista.net/josefa-barreiro-gonzalez/>

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Josefa Barreiro González (No libro de Eliseo Fernández e Dionisio Pereira aparece como Josefa González Barreiro, pero pola descrición é a mesma)

Sexo: Muller

Idade: 26

Profesión: Labrega

Lugar de nacemento: Vilagarcía de Arousa

Veciño de: Trabanca Badiña-Carril

Contexto: O 19 de marzo de 1937 é fusilada en Vilagarcía de Arousa a anarcosindicalista Josefa Barreiro. Nacera en 1911 na mesma vila. Estaba casada co mariñeiro mercante pertencente tamén á CNT Pascual Tobío, con quen tivo dous fillos, Julio e Valentín. Detida e torturada por agochar na súa casa ao tamén militante Urbano Tarrío, aplicóuselle o Bando de Guerra.

Lugar de morte: Vilagarcía de Arousa

Data de morte: 19/03/1937

Id. de Episodio relacionado: Agochado no domicilio de Josefa González Barreiro a Urbano Tarrío Montero en A Torre -Vilagarcía de Arousa

LUIS TRIGO CHAO “GARDARRÍOS”

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Actuación na contorna de Mondoñedo, Lourenzá, Abadín, Muras, Alfoz e O Valadouro.
- **Localización.** Mondoñedo, Lourenzá, Abadín, Muras, Alfoz e O Valadouro.
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** Fins de 1936
- **Descrición.** A fins de 1936 comeza a actuar Luis Trigo Chao “Gardarríos” na contorna de Mondoñedo, Lourenzá, Abadín, Muras, Alfoz e O Valadouro. Ás veces o acompañaba un pequeno grupo de guerrilleiros, que actuaba pola zona de Vilalba, Lourenzá e Abadín e se refuxiaba na Serra de Meira. Este grupo estivo activo ata 1948.
- **Persoas implicadas.** Guerrilleiros que se refuxiaban na Serra de Meira.
- **Imaxe/s.**



- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companha, Santiago de Compostela, p. 85.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Luis Trigo Chao

Sexo: Home

Idade: 51

Profesión: Empregado

Lugar de nacemento: O Vicedo – Mariña Occidental

Veciño de: O Vicedo

Contexto: Afiliado ao Partido Socialista foi xulgado por rebelión co resultado en rebeldía. Foi un líder destacado guerrilleiro, asasinado en Lourenzá en enfrontamentos coas forzas franquistas en 1948.

Data morte: 26 xuño de 1948.

Id. de Episodio relacionado: Actuación na contorna de Mondoñedo, Lourenzá, Abadín, Muras, Alfoz e O Valadouro.

MARÍA TERESA DOMÍNGUEZ PRADA

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuxidos ao monte- Corzos-Xares
- **Localización.** Veiga do Bolo (Ourense)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud:** 42.2644995 **Longitud:** -6.9873322
- **Data.** -/-/1937
- **Descrición.** No outono de 1936, catro fuxidos de Corzos-Xares- A Veiga (Domingo Rodríguez “O Inca”, concelleiro da Fronte Popular, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento”, e Alfredo Yáñez “O Aguirre”), acusados da morte do ex-alcalde da Veiga, o dereitista de “Acción Popular” José Rodríguez, marchan ao monte.
Logo, diríxense ao Teixedal de Casaio, onde a fins de 1936 se xuntan con outros escapados de Xares e de Casaio, formando unha partida de 6 guerrilleiros (Antolín Murias “Paciencia”, Ildefonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”, todos eles traballadores do camiño de ferro Zamora-Ourense).
En xuño de 1937, enlazan con Manuel Álvarez “O Bailarín” e o seu grupo, ao que a finais de 1938 se incorporarán os irmán Sebastián e Rogelio Rodríguez López, de Soulecín-O Barco de Valdeorras. Estas partidas permanecerían entre a zona da Ermida de San Xil-Casaio, Ricosemde-Carballeda, A Curra e San Lourenzo-A Veiga, ata entrados os anos 40.
A estas partidas serían as que María Teresa Domínguez Prada se incorporaría ao longo de 1937.
- **Persoas implicadas.** Veciños Corzos-Xares. María Teresa Domínguez Prada, Domingo Rodríguez “O Inca”, concelleiro da Fronte Popular, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento”, Alfredo Yáñez “O Aguirre”, Antolín Murias “Paciencia”, Ildefonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”, Manuel Álvarez “O Bailarín”, Sebastián e Rogelio Rodríguez López.
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, p. 29.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: María Teresa Domínguez Prada

Sexo: Muller

Idade: -

Profesión: Labrega

Lugar de nacemento: Espiño- A Veiga

Veciño de: Espiño- A Veiga

Contexto: Contra 1937, María Teresa Domínguez Prada, malchamada “La Bruja de Espiño” e as súas tres fillas marcharon ao monte, cando as partidas que integraron antes do remate da Guerra Civil un feixe de veciños de Corzos-Xares. Entre os efectos dos seus atracos atopábase roupa interior feminina, aínda que estas soamente foron consideradas as “queridas” dos guerrilleiros, en palabras de Eliseo Fernández e Dionisio Pereira. Ambos investigadores afirman que dende os comezos da guerrilla, a muller colaboradora da insurxencia foi obxecto

non só da gran “represión”, tamén dunha estigmatización específica que lles denegou (en razón do seu sexo) unha consideración de resistente. Foi xulgada en Ourense por auxilio á rebelión co resultado de sentencia absolución. Causa de 1938.

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos ao monte- Corzos-Xares

MANUEL ÁLVAREZ SILVA

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Grupo de actuación entre Ourense, Ribadavia, Cenlle e Ramirás.
- **Localización.** Ourense, Ribadavia, Cenlle e Ramirás.
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 1937
- **Descrición.** Entre Ourense, Ribadavia, Cenlle e Ramirás comeza a actuar un grupo encabezado polo militante comunista Manuel Álvarez Silva. Mantiveron vínculos con portugueses cos que contaban nas súas ringleiras e que tiñan bases de retagarda entre A Peneda, Gerês e O Barroso.
- **Persoas implicadas.** Manuel Álvarez Silva,
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 85.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Manuel Álvarez Silva

Sexo: Home

Idade: 22

Profesión: -

Lugar de nacemento: Ourense

Veciño de: Ourense

Contexto: Militante do Partido Comunista de España e que cando se produce o Golpe de 1936 se bota ao monte formando un grupo guerrilleiro que actuaba na zona entre Ourense e Ribadavia e que tiña a misión de enlazar coa dirección comunista localizada en Vigo. Unha vez rematada a guerra encadrouse na II Agrupación da Federación de Guerrillas de León-Galicia e participou en boa parte das accións contra falanxistas na provincia de Ourense. O 16 de agosto de 1946 o seu grupo abateu ao garda civil Leonardo González Cabra nun enfrontamento. Morreu o 18 de novembro de 1946 en Bentraces (Barbadás), na estrada Ourense-Celanova, xunto con outro guerrilleiro de nacionalidade portuguesa, no discurso dunha emboscada da Garda Civil.

Data morte: 1937

Id. de Episodio relacionado: Grupo de actuación entre Ourense, Ribadavia, Cenlle e Ramirás.

MANUEL GONZÁLEZ FRESCO “O FRESCO”

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Batida na Serra do Galleiro (Pontevedra)
- **Localización.** Vigo - Ponteareas
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 24/12/1936
- **Descrición.** Morte de Manuel González Fresco nunha batida na serra do Galleiro. Contrariamente ao seu mito, sempre estivo en solitario sen encabezar ningún grupo. Participou na defensa de Lavadores co Golpe de 1936 contra os sublevados e como consecuencia tivo que fuxir ao monte a fins de xullo. Moveuse polas bisbarras de Salvaterra de Miño, A Cañiza e Ponteareas.
- **Persoas implicadas.** Manuel González Fresco
- **Imaxe/s.**



- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 29.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Manuel González Fresco

Sexo: Home

Idade: 50

Profesión: -

Lugar de nacemento: Vigo

Veciño de: Ponteareas

Contexto: No momento do Golpe de 1936 participa na defensa de Lavadores, motivo polo que fuxe ao monte, e é xulgado por rebelión militar. É asasinado o 24 de decembro dese mesmo ano por un grupo de falanxistas e Gardas civís. O seu corpo permanece alí ata o día 6 de xaneiro. A súa muller, Nieves Souto Alfaya foi detida tamén despois do Golpe.

Data morte: 24/12/1936

Id. de Episodio relacionado: Batida na Serra do Galleiro (Pontevedra)

MANUEL PRADO PEREIRA “LOLITO”

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuxidos na zona de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor
- **Localización.** Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** Agosto de 1936
- **Descrición.** Formaba parte dun dos primeiros grupos de fuxidos en Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor, xunto cos irmáns García Molaes, Guillén Biel, José Romero González (O Merrello) e Roberto Oya Alonso (O Cachopas).
- **Persoas implicadas.** Irmáns García Molaes e Guillén Biel, José Romero González (O Merrello) e Roberto Oya Alonso (O Cachopas).
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 80.

Abad Gallego, Xoán Carlos (2005). *Héroes o forajidos. "Fuxidos" y guerrilleiros antifranquistas en la comarca de Vigo*. Vigo: Instituto de Estudios Vigueses. pp. 309–314.

Redondo Abal, Francisco Xavier (2006). *Botarse ao monte. Censo de guerrilleiros antifranquistas na Galiza (1939-1965)*. Sada: Do Castro. p. 112.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Manuel Prado Pereira “Lolito”

Sexo: Home

Idade: 31

Profesión: Mariñeiro

Lugar de nacemento: Nigrán

Veciño de: Nigrán

Contexto: Formaba parte da CNT, do Sindicato de Mariñeiros de Panxón. Estaba fuxido dende 1936 e liderou unha partida que actuaba na contorna de Gondomar. En 1938, asasinaron a Francisco López dos Santos, un tratante de madeira portugués considerado informante da Garda Civil. Foi detido en decembro de 1938 e xulgado en Vigo en 1939 por rebelión militar co resultado de pena de morte. Foi executado en Vigo, rexistrándose a morte en Nigrán a causa de hemorragia interna.

Data morte: 04/03/1939

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos na zona de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor

PAULINO CARBALLO DEL RÍO

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Colaboración con fuxidos nos montes Lobeira e Xiabre
- **Localización.** Vilagarcía de Arousa
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud:** 41.99889 **Longitud:** -8.04306
- **Data.** 1937
- **Descrición.** O Oficio Reservado do Estado Maior da VIIIª Rexión Militar dirixido aos gobernadores civís de Pontevedra, Ourense e Lugo o 2 de xuño de 1937, no que ordenaba exercer unha acción eficaz e rápida para rematar coas bolsas de fuxidos e autorizaba a execución sumaria, tanto dos alzados como dos colaboradores: “exterminar as partidas inimigas no territorio liberado, instándolles a ordenar a execución de aquelas persoas que durante a persecución sexan aprehendidas con armas ou en probada complicidade cos rebeldes”.
Descobren a cova onde se agochaba unha partida, con víveres, roupa e armas e quince días despois desas ordes foron executados nas Raposeiras-Meis os enlaces Paulino Carballo del Río e José del Río Villanueva, por ser sorprendidos con alimentos e cartas para os fuxidos.
- **Persoas implicadas.** Limpeza nos montes ordenada pola Comandancia da Garda Civil de Pontevedra encabezada polo Comandante en Xefe Tomás Fernández Rogina e na que forman parte na contorna de Arousa un total de 105 gardas, ao mando dos capitán Beltrán e Maqueira. **Vítimas:** Paulino Carballo del Río e José del Río Villanueva.
- **Imaxe/s.**



Monte Lobeira (Vilanova de Arousa)
<https://www.osalnes.com>



Monte Xiabre (Vilagarcía de Arousa)
<https://www.vilagarcia.com/monte-xiabre/>

- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, p. 29.

Abuín Duro, M. (2018). *La primavera rota. Vilagarcía de Arousa, 1936-1941*. Abegondo: Sociedad Bibliográfica de Galicia. pp. 126–129.

Gallego Rei, M.; Milleiro Sánchez, C.X.; Moreira Docampo, X.M. (2012). *Para despois do silencio. O Concello de Meis da II República a Guerra Civil*. Vigo: Ir Indo. pp. 90–91.

Álvarez Castro, X. (2013). *Pontevedra nos anos do medo. Golpe militar e represión (1936-39)*. Vigo: Xerais.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Paulino Carballo del Río

Sexo: Home

Idade: 32

Profesión: Peón

Lugar de nacemento: Vilagarcía de Arousa

Veciño de: Cea

Contexto: Emigrado na República Arxentina, ao retornar foi canteiro en Cea. Tras o golpe de Estado actuou co seu medio irmán José Gerardo del Río Villanueva como enlace cos fuxidos no monte Xiabre. O 14 de xuño de 1937 subiu ao monte con Gerardo para entregarlle un paquete e unha nota a José Torrado Herbón que lles fixera chegar a súa nai Rosario Herbón Galán, por medio da sobriña de Paulino, Carmen Carballo. Foron detidos por unha patrulla das milicias mandadas polo capitán Bernal que facían unha batida no monte Xiabre, con máis dun cento de efectivos entre militares, falanxistas e corpos de seguridade. Foron encarcerados no cuartel da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa e torturados. Co pretexto do seu traslado a Pontevedra, foi asasinado co seu medio irmán Gerardo del Río polo sarxento da Garda Civil do posto de Vilagarcía, Desiderio Camacho, nas Raposeiras, preto de Vilanoviña na parroquia de Paradela o 17 de xuño de 1937. O párroco de Paradela non consentiu que fosen soterrados en sagrado e quedaron sepultados en paralelo ao muro de peche do adro. Na primeira década do século XXI os seus restos foron trasladados ao cemiterio de Cea.

Morte rexistrada en Paradela-Meis a causa de "atricción de la sustancia cerebral" e hemorraxia menínxea.

Lugar de morte: Paradela

Data de morte: 17-06-1937

Id. de Episodio relacionado: Colaboración con fuxidos nos montes Lobeira e Xiabre

ROBERTO OYA ALONSO “CACHOPAS”

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Grupo de Roberto Oya “Cachopas” na contorna de Vigo e O Condado.
- **Localización.** Vigo e O Condado
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 28/08/1936
- **Descrición.** Grupo de Roberto Oya “Cachopas” activo na contorna viguesa e O Condado. A Garda Civil acúsalles ata 1939 do salto ás casas reitorais de Candeán e Bembivre, así como a outras vivendas daquela zona. Roberto Oya é detido, xulgado en Vigo por rebelión militar e executado en 1941.
- **Persoas implicadas.** Roberto Oya Alonso “Cahopas”
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 80.

Fernandez, E. E Pereira, D. (2012). *Terra e Tempo. A primeira guerrilla antifranquista galega (1936-39): un esforzo malogrado*, http://terraetempo.gal/media/documentos/TeT_163-170_Dossier_Eliseo_Dionisio.pdf.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Roberto Oya Alonso “Cachopas”

Sexo: Home

Idade: 37

Profesión: Metalúrxico

Lugar de nacemento: Lavadores

Veciño de: Vigo

Contexto: En agosto de 1936, forma encabeza un grupo na contorna viguesa e O Condado. Fuxido e declarado en rebeldía. Detido en 1939 e xulgado en Vigo por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Vigo no Castro o 22 de decembro de 1941.

Data morte: 22/12/1941

Id. de Episodio relacionado: Grupo de Roberto Oya “Cachopas” na contorna de Vigo e O Condado.

ROGELIO RODRÍGUEZ LÓPEZ

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuxidos ao monte- Corzos-Xares
- **Localización.** O Barco de Valdeorras (Ourense)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud:** 42.2644995 **Longitud:** -6.9873322
- **Data.** -/1938
- **Descrición.** No outono de 1936, catro fuxidos de Corzos-Xares- A Veiga (Domingo Rodríguez “O Inca”, concelleiro da Fronte Popular, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento”, e Alfredo Yáñez “O Aguirre”), acusados da morte do ex-alcalde da Veiga, o dereitista de “Acción Popular” José Rodríguez, marchan ao monte.
Logo, diríxense ao Teixedal de Casaio, onde a fins de 1936 se xuntan con outros escapados de Xares e de Casaio, formando unha partida de 6 guerrilleiros (Antolín Murias “Paciencia”, Ildefonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”, todos eles traballadores do camiño de ferro Zamora-Ourense).
En xuño de 1937, enlazan con Manuel Álvarez “O Bailarín” e o seu grupo, ao que a finais de 1938 se incorporarán os irmán Sebastián e Rogelio Rodríguez López, de Soulecín-O Barco de Valdeorras. Estas partidas permanecerían entre a zona da Ermida de San Xil-Casaio, Ricosemde-Carballeda, A Curra e San Lourenzo-A Veiga, ata entrados os anos 40.
- **Persoas implicadas.** Veciños Corzos-Xares. María Teresa Domínguez Prada, Domingo Rodríguez “O Inca”, concelleiro da Fronte Popular, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento”, Alfredo Yáñez “O Aguirre”, Antolín Murias “Paciencia”, Ildefonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”, Manuel Álvarez “O Bailarín”, Sebastián e Rogelio Rodríguez López.
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 29.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Rogelio Rodríguez López

Sexo: Home

Idade: .

Profesión: Labrego

Lugar de nacemento: O Barco de Valdeorras

Veciño de: Santigoso-Soulecín

Contexto: O 2 de febreiro de 1939, un garda civil morre, tras inspeccionar a casa da familia Rodríguez López en Soulecín- O Barco de Valdeorras. Rogelio, desertor do exército estaba agochado co seu irmán Sebastián, disparou matando ao garda e ferindo a un cabo do exército. Foi xulgado en Ourense por asasinato co resultado de declaración en rebeldía.

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos ao monte- Corzos-Xares

URBANO TARRÍO MONTERO

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Agochado no domicilio de Josefa González Barreiro en A Torre -Vilagarcía de Arousa
- **Localización.** A Torre - Vilagarcía de Arousa
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** 1937
- **Descrición.** O antigo sindicalista foi detido o 16 de marzo de 1937 no domicilio de Josefa González Barreiro. Urbano foi executado "in situ" e a Josefa detivérona os falanxistas como colaboradora con banda armada, sendo trasladada á cadea de Vilagarcía e posta á disposición da Comandancia Militar de Pontevedra, ostentada ata outubro de 1937 polo militar "africanista" tenente coronel de Artillería (retirado) Leoncio de Aspe y Vaamonde. Ordenouse a súa execución efectuada tres días despois polo Xefe de Liña da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa e ao tempo Delegado de Orde Público, tenente Aurelio Belay Díaz.
- **Persoas implicadas.** Víctima: Josefa González Barreiro Xefe de Liña da Garda Civil de Vilagarcía de Arousa: Aurelio Belay Díaz.
- **Imaxe/s.**




Foto 9: Oficio dirixido ao Goberno Militar de Pontevedra dando conta da execución de Josefa González, asinado polo tenente da Guardia Civil Aurelio Belay. Causa 288/37, AIMN.



El Pueblo Gallego, 22-1-1936, p. 32.

- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, 49.

Abuín Duro, M. (2018). *La primavera rota. Vilagarcía de Arousa, 1936-1941*. Abegondo: Sociedad Bibliográfica de Galicia. pp. 126–129.

El Pueblo Gallego, 22-1-1936, p. 32.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Urbano Tarrío Montero

Sexo: Home

Idade: 26

Profesión: Xornaleiro

Lugar de nacemento: Vilagarcía de Arousa

Veciño de: Rubiáns

Contexto: Pertencía á Federación Local da CNT de Vilagarcía de Arousa. Foi detido pola Garda Civil en xaneiro de 1936 logo dunha pelexa na que agrediu a Jesús Daponte Barreiro. Co golpe de Estado do 18 de xullo de 1936 fuxiu ao monte e incorporouse ao grupo guerrilleiro de Rodrigo Berruete Alejandro. Ante a persecución da Garda civil, o exército, os carabineiros e as milicias de Falange e a Garda Cívica de Vilagarcía agochouse na casa de Josefa Barreiro González.

Lugar de morte: Vilagarcía de Arousa

Data de morte: 16/03/1937

Id. de Episodio relacionado: Agochado no domicilio de Josefa González Barreiro en A Torre -Vilagarcía de Arousa

VICENTE E JULIO GUILLÉN BIEL

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuxidos na zona de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor
- **Localización.** Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** Agosto de 1936
- **Descrición.** Formaron parte dun dos primeiros grupos de fuxidos en Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor, xunto cos irmáns García Molares, José Romero González (O Merrello), Roberto Oya Alonso (O Cachopas) e Manuel Prado Pereira (Lolito).
- **Persoas implicadas.** Irmáns García Molares, José Romero González (O Merrello), Roberto Oya Alonso (O Cachopas) e Manuel Prado Pereira (Lolito).
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Companhia, Santiago de Compostela, p. 80.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Vicente Guillén Biel

Sexo: Home

Idade: 29

Profesión: Electricista

Lugar de nacemento: Vigo

Veciño de: Vigo

Contexto: Estaba fuxido dende 1936 e foi xulgado en Vigo en 1937 por rebelión militar co resultado de declaración en rebeldía. Fuxido lideraba unha das partidas, sendo detido en 1939 e xulgado en Pontevedra por rebelión militar co resultado de sentenza a pena de morte. Executado en Pontevedra nos malecóns de Monteporreiro.

Data morte: 18/06/1941

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos na zona de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Julio Guillén Biel (en Nomes e Voces aparece como Julián Sergio Guillén Biel)

Sexo: Home

Idade: 31

Profesión: Electricista

Lugar de nacemento: Vigo

Veciño de: Vigo

Contexto: Estaba fuxido dende 1936 e foi xulgado en Vigo en 1937 por deserción e atentado contra un “Garda Cívico” co resultado de declaración en rebeldía.

Data morte: -

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos na zona de Cabral, Lavadores, Bembrive e no Val Miñor

RAMÓN DÍAZ HERMO

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Asalto á reitoral de Abalo (Catoira).
- **Localización.** Catoira (Pontevedra)
- **Coordenadas de xeolocalización.** **Latitud:** 42º 38' N **Longitud:** 8º 41' W
- **Data.** 11/09/1936
- **Descrición.** Un grupo de cinco homes liderado polo antigo militante do “Sindicato de Peóns” (CNT) e do Ateneo Popular de Vilagarcía de Arousa, Ramón Díaz Hermo (PCE), asalta a reitoral de Abalo (Catoira), levando víveres e queimando unha bandeira monárquica. Tras ser detido pouco despois e condenado a cadea perpetua por auxilio á rebelión, obtén a liberdade condicional en setembro de 1940 e nese mesmo ano retornou á guerrilla na contorna das minas de Silleda.
- **Persoas implicadas.** Ramón Díaz Hermo
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, p. 77.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Ramón Díaz Hermo

Sexo: Home

Idade: 21

Profesión: Serrador

Lugar de nacemento: Vilagarcía de Arousa

Veciño de: Vilagarcía de Arousa

Contexto: Sabotaxe e asalto á reitoral de Abalo nas primeiras semanas tras o Golpe de 1936. Xulgado por auxilio á rebelión co resultado a cadea perpetua, obtendo a liberdade condicional en setembro de 1940 para pasarse á guerrilla ese mesmo ano.

Data morte:

Id. de Episodio relacionado: Asalto á Reitoral de Abalo (Catoira)

SEBASTIÁN RODRÍGUEZ LÓPEZ

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuxidos ao monte- Corzos-Xares
- **Localización.** O Barco de Valdeorras (Ourense)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud:** 42.2644995 **Longitud:** -6.9873322
- **Data.** -/-/1938
- **Descrición.** No outono de 1936, catro fuxidos de Corzos-Xares- A Veiga (Domingo Rodríguez “O Inca”, concelleiro da Fronte Popular, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento”, e Alfredo Yáñez “O Aguirre”), acusados da morte do ex-alcalde da Veiga, o dereitista de “Acción Popular” José Rodríguez, marchan ao monte.
Logo, diríxense ao Teixedal de Casaio, onde a fins de 1936 se xuntan con outros escapados de Xares e de Casaio, formando unha partida de 6 guerrilleiros (Antolín Murias “Paciencia”, Ildefonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”, todos eles traballadores do camiño de ferro Zamora-Ourense).
En xuño de 1937, enlazan con Manuel Álvarez “O Bailarín” e o seu grupo, ao que a finais de 1938 se incorporarán os irmán Sebastián e Rogelio Rodríguez López, de Soulecín-O Barco de Valdeorras. Estas partidas permanecerían entre a zona da Ermida de San Xil-Casaio, Ricosemde-Carballeda, A Curra e San Lourenzo-A Veiga, ata entrados os anos 40.
- **Persoas implicadas.** Veciños Corzos-Xares. María Teresa Domínguez Prada, Domingo Rodríguez “O Inca”, concelleiro da Fronte Popular, Juan José Rodríguez, Jaime Vega “Sargento”, Alfredo Yáñez “O Aguirre”, Antolín Murias “Paciencia”, Ildefonso Fernández “Coñeira”, José Vega “Ánimas”, Manuel Álvarez “O Bailarín”, Sebastián e Rogelio Rodríguez López.
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, p. 29.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Sebastián Rodríguez López

Sexo: Home

Idade: .

Profesión: Labrego

Lugar de nacemento: O Barco de Valdeorras

Veciño de: Santigoso-Soulecín

Contexto: O 2 de febreiro de 1939, un garda civil morre, tras inspeccionar a casa da familia Rodríguez López en Soulecín-O Barco de Valdeorras. Rogelio, desertor do exército estaba agochado co seu irmán Sebastián, disparou matando ao garda e ferindo a un cabo do exército. Ambos foron xulgados en Ourense por asasinato co resultado de declaración en rebeldía.

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos ao monte- Corzos-Xares

HIGINIO CARRACEDO RUZO

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Agochados - A Estrada
- **Localización.** Somoza, A Estrada (Pontevedra)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud:** 42,666670000 **Longitud:** -8,483330000
- **Data.** O 18 de setembro de 1936 xa estaban agochados e atópanse o 28 de novembro de 1938.
- **Descrición.** O 20 de decembro de 1934 na revista "Vida Gallega" figuran Manuel Coto Chan, Higinio Carracedo Ruza e Manuel Vázquez Otero, os tres veciños da Estrada como condenados "á pena dun ano, catro meses e un día de prisión, con motivo dos pasados sucesos revolucionarios".

No Boletín oficial do 18 de setembro de 1936 chámase e emprazase a Manuel Coto Chan, Higinio Carracedo Ruza e Manuel Vázquez Otero, atopándose en paradiro descoñecido.

No xornal "El emigrado" da Estrada do 24 de setembro de 1936, volve a emprazarse aos 3 veciños da Estrada especificando que se lle instrúe sumario por roubo de escopetas.

A memoria oral afirma que o día que os atoparon tiveron unha xuntanza da que se conservaron dúas notas referentes a un "Comité de Condenados a Morte" e outra ao "Comité antifascista da Estrada". Menciónase tamén un libro de actas das súas reunións e actividades.

O 28 de novembro de 1938 falanxistas e Gardas civís atopan a Manuel Coto e José Silva nunha corte e logo a Higinio agochado no forno da súa casa abatido cun tiro na cabeza.

Os seus familiares e un empregado municipal ao que acusan de subministrarlle alimentos, José Camino Chao, militante do Partido Galeguista, son apresados.

A Manuel Coto condénaselle a morte pero conmútaselle a pena pola de reclusión perpetua, a José Silva a 30 anos e a Antonio, o pai de Higinio a a súa muller, Isaura, a 12 anos.

- **Persoas implicadas.** Manuel Coto Chan, Higinio Carracedo Ruza, Manuel Vázquez Otero, José Silva Rey, Isaura Pazos Campos (muller de Higinio), Antonio Carracedo (Pai de Higinio) e Manuela Ruza (nai de Higinio).
- **Imaxe/s.**



- **Fontes / Bibliografía:**

Boletín Oficial (BO), 215 (18-IX-1936), p. 746.

El emigrado, 578 (24-IX-1936), p. 4.

Vida Gallega, 614 (20-XII-1934), p. 48.

Higinio Carracedo, *Tabeirós Montes*: Disponible en: <https://www.tabeirosmontes.com/fotos-homenaxe-a-carracedo-na-somoza-no-seu-75-cabodano.html>.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Carracedo Ruzo, Higinio (O Sereno)

Sexo. Idade. Profesión. Home. 31 anos. Garda municipal da Estrada.

Lugar de nacemento: A Estrada (Pontevedra)

Veciño de: A Estrada (Pontevedra)

Contexto: Tras estar fuxido e agochado no forno do seu domicilio, dende 1936 o 28 de novembro de 1938 falanxistas e Gardas civís atopan a Manuel Coto e José Silva nunha corte e logo a Higinio agochado no forno da súa casa abatido cun tiro na cabeza.

Os seus familiares e un empregado municipal ao que acusan de subministrarlle alimentos, José Camino Chao, militante do Partido Galeguista, son apresados.

A Manuel Coto condénaselle a morte pero conmútaselle a pena pola de reclusión perpetua, a José Silva a 30 anos e a Antonio, o pai de Higinio a a súa muller, Isaura, a 12 anos.

Id. de Episodio relacionado: Agochados- A Estrada

SERAFÍN NOGUEIRA SANTORUN “VALEIRO”

Ficha de episodios de resistencia

- **Nome de identificación.** Fuxidos ao monte na bisbarra de Arousa – montes Lobeira e Xiabre
- **Localización.** Vilagarcía de Arousa (Pontevedra)
- **Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:**
- **Data.** Outubro de 1938 xa estaban no monte, formaba parte dunha partida de fuxidos de primeira hora
- **Descrición.** Un grupo de 12 homes, compoñentes da partida de Serafín Nogueira, vestidos de falanxistas e gardas civís e armados con escopetas e pistolas atracan unha tenda en Caleiro-Vilanova de Arousa e levan diñeiro, roupa, calzado e outros obxectos. A Garda Civil, mandada polo xefe de liña Mariano Crego, efectúa batidas polo monte Lobeira e outros lugares, sen éxito. Os alzados levaban no monte dende o comezo da guerra. A Comandancia informou da presenza de numerosos fuxidos na contorna de Vilagarcía, empurrados algúns deles polas batidas que se estaban a realizar nos montes de Lousame e O Pindo. Deuse conta da falta de Gardas civís para levar a cabo as operacións de control dos alzados propoñendo, tal e como xa se estaba a facer na zona de Vigo, da creación de pequenos destacamentos do exército baixo o mando da Garda Civil en Vilagarcía, Vilanova, Caldas, Catoira e Paradela, localidades que circundan os montes Lobeira e Xiabre, “puntos principais de refuxio das partidas”.
- **Persoas implicadas.** 12 homes que formaban parte da partida de Serafín Nogueira entre os que estaba Ramón Rodríguez Santiago.
- **Imaxe/s.**
- **Fontes / Bibliografía:**

Fernández, E. e Pereira, D. (2022). *A primeira resistencia armada ao golpe militar na Galiza (1936-1940)*. Em Selecta Compañha, Santiago de Compostela, p. 29.

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Serafín Nogueira Santorun - “Valeiro”

Sexo: Home

Idade: 20

Profesión: Labrego

Lugar de nacemento: Vilagarcía de Arousa

Veciño de: Vilagarcía de Arousa

Contexto: Cabeza dunha partida de homes fuxidos nos montes da contorna de Vilagarcía de Arousa, Lobeira ou Xiabre dende o inicio da guerra e composta tamén por outros procedentes doutras partidas xa disoltas neste momento. Nos meses de outubro e novembro de 1938 lévanse a cabo operacións militares para exterminar a fuxidos e alzados na comarca arousá, coa misión de cercar os montes Lobeira e Xiabre, rodeando e rexistrando as aldeas veciñas, para logo, preparar o asalto aos cumios. Ademais, o gardapescas Galerna e catro embarcacións menores vixiarían a costa para evitar fuxidas por mar, mentres que falanxistas, Gardas Civiís, e

militares bloquearían as estradas que comunicaban Vilagarcía co exterior e patrullarían día e noite polas localidades, reclamando documentación. Estas operacións darán un golpe mortal á guerrilla na zona e terán como resultado a morte dalgúns deles nese mesmo lugar, entre os que estaban Ramón Rodríguez Santiago “Bascullo”, integrante da partida de Serafín Nogueira, xulgado este último en Pontevedra no mes de outubro de 1938 por rebelión militar e condenado a pena de morte, sendo executado o día 21 dese mesmo mes.

Data de execución: 21-10-1938

Id. de Episodio relacionado: Fuxidos ao monte na bisbarra de Arousa

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome: Ramón Rodríguez Santiago “Bascullo”

Sexo: Home

Idade:

Profesión:

Lugar de nacemento:

Veciño de:

Contexto: Formou parte dunha partida de homes fuxidos nos montes da contorna de Vilagarcía de Arousa, Lobeira ou Xiabre dende o inicio da guerra e composta tamén por outros procedentes doutras partidas xa disoltas neste momento, encabezada por Serafín Nogueira Santorun “Valeiro”. Nos meses de outubro e novembro de 1938 lévanse a cabo operacións militares para exterminar a fuxidos e alzados na comarca arousá, coa misión de cercar os montes Lobeira e Xiabre, rodeando e rexistrando as aldeas veciñas, para logo, preparar o asalto aos cumios. Ademais, o gardapesca Galerna e catro embarcacións menores vixiarían a costa para evitar fuxidas por mar, mentres que falanxistas, Gardas Civiís, e militares bloquearían as estradas que comunicaban Vilagarcía co exterior e patrullarían día e noite polas localidades, reclamando documentación. Estas operacións darán un golpe mortal á guerrilla na zona e terán como resultado a morte dalgúns deles nese mesmo lugar, entre os que estaban Ramón Rodríguez Santiago “Bascullo”.

Data de execución:

Id. de Episodio relacionado: : Fuxidos ao monte na bisbarra de Arousa

RESUMO PARTE PROXECTO MEMORIA DEMOCRÁTICA – ALBA GARRIDO

O presente traballo está enmarcado dentro do proxecto da Secretaría de Estado de Memoria Democrática: " Definición, cartografiado y propuesta de intervención sobre los lugares de memoria del Golpe de 1936, la Dictadura franquista y la Resistencia.

Para levalo a cabo, partimos dunha análise exhaustiva da base de datos “Nomes e Voces”, proxecto de investigación promovido pola Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia co obxectivo de estudar a violencia franquista durante a Guerra Civil e a ditadura, ofrece datos relativos ás persoas que sufriron algún tipo de persecución por mor da súa ideoloxía ou da súa posición favorable á democracia republicana. O grupo de investigación que levou a cabo este traballo de pescuda de nomes e lugares de represión estivo dirixido polo catedrático de Historia Contemporánea da USC, Lourenzo Fernández Prieto a partir do ano 2006.

Así, o obxectivo principal do noso traballo sería tentar categorizar casos que puidesen ser considerados resistentes pola súa actitude ante o Golpe de 1936 como paso principal para definir unha base teórica e metodolóxica que dera forma á investigación sobre a Resistencia no territorio galego. O principal problema que se atopou nesta fase inicial foi a clasificación de moitos deles como vítimas por mor de rebelarse militarmente, feito que nos levou ao emprego de bibliografía local, entre as que destacan a obra de Eliseo Fernández e Dionisio Pereira (2022) ou Álvarez Castro (2013) para investigar a traxectoria da vítima e a razón da súa persecución.

Con cada unha das vítimas analizadas elaboramos unha ficha onde se reflectían tanto os datos do episodio de Resistencia co que se relacionaba coma os persoais da persoa implicada (ANEXO 1). A partir dos datos extraídos levamos a cabo tamén a realización dun mapa de Galicia en QGIS no que se sinalan os lugares considerados protagonistas de episodios de Resistencia ao Golpe.

Tanto as fichas realizadas coma o mapa pretenden ser o xerme dunha investigación máis ampla sobre aqueles que empregaron diferentes estratexias para non seguir as normas que marcaba o poder a partir de xullo de 1936, nun territorio no que se considerou tradicionalmente o triunfo do Golpe sen Resistencia nin guerra.

ANEXO 1

Ficha de episodios de resistencia

- Nome de identificación.
- Localización.
- Coordenadas de xeolocalización. Latitud: Longitud:
- Data.
- Descrición.
- Persoas implicadas.
- Imaxe/s.

- Fontes / Bibliografía:

Ficha de persoas implicadas en episodios de resistencia

Nome:

Sexo:

Idade:

Profesión:

Lugar de nacemento:

Veciño de:

Contexto:

Data morte:

Id. de Episodio relacionado: